

**GUÍA DE ACTUACIÓN PARA REALIZAR OS EXAMES  
PRESENCIAIS NA UNIVERSIDADE DE VIGO**

## **INTRODUCCIÓN**

Atendendo á información dispoñible neste momento, e seguindo as recomendacións do Ministerio de Sanidade, redáctase a presente guía coas medidas de prevención e de hixiene fronte ao SARS CoV-2 que se deberán aplicar durante a realización dos exames presenciais na Universidade de Vigo cando non se poidan utilizar métodos ou sistemas de avaliación alternativos, e sempre que as autoridades competentes permitan a súa organización, atendendo á evolución da pandemia.

Aplicarase ao alumnado e ao profesorado implicado na realización dos exames presenciais.

## **ACCESO AOS LUGAR ONDE SE REALIZAN AS PROBAS**

Se alguén de entre o profesorado ou o alumnado está afectado pola enfermidade covid-19, presenta síntomas asociados a esta ou está en illamento ou corentena, non poderá participar nos exames.

Será obrigatorio o uso de máscara para todo o persoal e alumnado.

Respectaranse os sentidos de circulación nos corredores e nas escaleiras.

As entradas e as saídas do lugar de realización deben ser ordenadas, en fila e gardando a distancia interpersoal de 2 metros. Estableceranse quendas de acceso para facilitar a entrada e a colocación do alumnado. Deberase en todo caso graduar os accesos e as saídas tanto do centro coma das aulas, e evitar así as aglomeracións.

Non se poden manter conversacións nos corredores ou nas zonas de tránsito. Unha vez que se sae da aula, irase para o exterior do centro e evitanse as aglomeracións nas proximidades das portas de acceso ou de saída do centro.

Nos ascensores teñen prioridade de uso as persoas con problemas de mobilidade, persoal de limpeza e persoal que transporte cargas.

## **NAS AULAS**

O acceso á aula farase de forma ordenada e seguindo as indicacións do profesor/a, mantendo en todo caso a distancia recomendada.

Os postos de exame asegurarán sempre o distanciamento interpersoal como mínimo de 1,5 metros de separación. Se é posible, eliminaranse os asentos que non o cumpran; no caso contrario, sinalizárase a prohibición do seu uso. Recoméndase utilizar mesas e cadeiras individuais.

Para minimizar o tempo de estancia nas aulas, os exames deberían estar nas mesas antes do acceso do alumnado.

Antes de situarse no seu posto, así como á saída da aula, o alumnado deberá desinfectar as mans coas solucións alcohólicas que estarán na entrada das aulas, ao igual ca o profesorado que participe na realización do exame, cando entre ou saia da aula.

A indumentaria, bolsos, mochilas etc., colocaranse debaixo da cadeira.

Non se compartirán obxectos persoais nin bolígrafos, lapis, papel, calculadoras etc.

O exame deberá ser o suficientemente claro para evitar a circulación do profesorado entre os postos para resolver dúbidas.

O profesorado, nos momentos de contacto estreito co alumnado como a identificación, entrega e recollida de exames, poderá utilizar luvas que se desbotarán ao rematar estas situacións e, deseguido, lavarán as mans con auga e xabón.

Durante a entrega e a recollida de exames, evitarase o contacto directo entre o alumnado e entre este e o profesorado.

## AO FINALIZAR O EXAME

Finalizado o exame, o alumnado recollerá as súas pertenzas e abandonará a aula, seguindo as indicación do profesorado e as instrucións establecidas para tal fin. En ningún caso deberán permanecer nos corredores formando aglomeracións, debendo abandonar as instalacións mantendo a distancia de seguridade de 2 metros en todo momento.

Os exames quedarán nos postos das persoas examinadas ata que estes saían da aula. Neste momento o profesorado poderá recollelos. Meteranse nunha caixa e deixaranse en corentena durante un tempo tendo en conta as recomendacións do Ministerio de Sanidade sobre a estabilidade do virus e a efectividade da desinfección di que se deixa de detectar o virus tras 3 horas sobre a superficie de papel.

MATERIAL	TEMPO	MATERIAL	TEMPO
Cobre	4 horas	Papel	3 horas
Cartón	24 horas	Madeira, vidro	1 a 2 días
Aceiro inoxidable, plástico	Máis de 4 días	Roupa	1 a 2 días

## RESPONSABILIDADE E COLABORACIÓN

Este protocolo non será eficaz sen a colaboración e o compromiso de todos os participantes nas probas.

A COVID-19 é unha enfermidade moi contaxiosa. Calquera descoído ou falta de precaución pode estender o contaxio.